Os instrumentos que se empregarán nesta avaliación serán variados: ver os apuntamentos dos alumnos, a súa participación, a predisposición cara ós temas tratados, cuestionarios, avaliación da capacidade creativa e da execución cos

instrumentos e, finalmente, probas escritas onde se poña de manifesto o grao de consecución dos obxectivos previstos.

Avaliación final: na que se avaliarán os resultados. Aquí o principal instrumento será a análise dos resultados das aprendizaxes dos alumnos.

O profesor terá unha ficha cos aspectos máis relevantes da situación académica e persoais de cada alumno para poder avaliar mellor.

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación. Clases non presenciais

2º ESO

Correspondencia na táboa de estándares	Porcentaxe	Instrumentos de avaliación					
		Proba escrita	Proba práctica	Trab. indiv.	Trab. grupo	Cad. clase	Obse r.
A	A cualificación, dos estándares A será dun 60%	X					
B	A cualificación, dos estándares B será dun 20%		X				
C	A cualificación dos estándares C, será dun 10%			X		X	
D	A cualificación dos estándares D, será dun 10%				X		X

3º ESO

Correspondencia na táboa de estándares	Porcentaxe	Instrumentos de avaliación					
		Proba escrita	Proba práctic	Trab. indiv	Trab. grupo	Cad. clas	Obser. aula
A	A cualificación, dos estándares A será dun 60%	X					
B	A cualificación, dos estándares B será dun 20%		X				
C	A cualificación dos estándares C, será dun 10%			X		X	
D	A cualificación dos estándares D, será dun 10%				X		X

4º ESO

Correspondencia na táboa de estándares	Porcentaxe	Instrumentos de avaliación					
		Proba escrita	Proba práctica	Trab. indiv.	Trab. grupo	Cad. clase	Obser. aula
A	A cualificación, dos estándares A será dun 60%	X					
B	A cualificación, dos estándares B será dun 20%		X				
C	A cualificación dos estándares C, será dun 10%			X		X	
D	A cualificación dos estándares D, será dun 10%				X		X

A nota de cada avaliación será o resultado de sumar as notas obtidas polo/a alumno/a en cada un destes apartados en función do porcentaxe fixado. Para facer media débese obter a lo menos un 3 en cada un dos apartados.

Nos cursos onde non se poda utilizar a aula de música polas medidas sanitarias derivadas da pandemia e, polo tanto, non se podan tocar instrumentos, poderase repartir a porcentaxe da nota do apartado B entre os apartados A e C.

As **probas escritas (A)** faranse de cada un ou dous temas dependendo da densidade dos mesmos. Serán un ou dous exames por avaliación. Poderán ser cuestionarios, tipo test, comentarios de audicións, etc..

Os/as alumnos/as que copien en calquera das probas escritas ou actividades serán cualificados con cero puntos nas mesmas.

A non asistencia sen xustificar a un exame é motivo de suspenso. Pola contra, no caso de no poder asistir a un exame por un motivo de causa maior ou aportando a correspondente xustificación médica, o profesor/a poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno/a ata ese momento

Traballos individuais ou colectivos (C): farase, a lo menos, un por avaliación. A cualificación do mesmo dependerá do grao de axuste do mesmo as pautas ou obxectivos fixados previamente polo/a profesor/a.

Na **proba de práctica instrumental (B)** os/as alumnos/as deberán interpretar individualmente as partituras traballadas na clase. A cualificación desta proba dependerá do grao de corrección na execución da mesma.

No caderno do/a profesor/a reflectiranse os aspectos a valorar do **traballo e actitude na aula** (estándares nomeados cunha **D**):

- A atención e concentración na clase/Participación activa.
- interese por aprender.
- A boa realización a nivel interpretativo (instrumental ou vocal).
- A consecución de ambiente de silencio na aula.
- hábito de traballo do/a alumno/a. Regularidade na realización das tarefas.
- A asistencia a clase e a puntualidade.
- coidado e bo uso do material. Trae ou non o material.
- Actitude correcta e de respecto aos demais.

A nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións. Non obstante, para acadar o aprobado será imprescindible non ter ningunha avaliación cualificada por debaixo do 3.

Cando haxa unha ou máis avaliacións con cualificacións inferiores o 3, poderase optar a un exame de recuperación no mes de Maio.

Mecanismos para recuperar as avaliacións non superadas

Para o/a alumno/a que non acade unha valoración positiva nunha avaliación non se contempla a realización de recuperacións de forma inmediata, sen embargo, o/ profesor/a poderá reforzar as explicacións e orientará ao alumnado sobre as actividades que lle poden axudar a superar a materia.

Os alumnos que non superen algunha das avaliacións poderán presentarse en Maio a unha proba escrita u oral final da materia non superada.

Así mesmo, senón superan a proba práctica en algunha das avaliacións, poderán recuperar na seguinte coa práctica diaria das clases e coas probas realizadas nesa outra avaliación. Se finalmente non superasen eses estándares, poderían presentarse tamén a unha proba práctica final.

Convocatoria Extraordinaria

Os alumnos que non acaden un resultado positivo na proba final ordinaria poderán presentarse a unha proba escrita u oral na convocatoria extraordinaria que conterá os temas teóricos tratados durante o curso (estándares A). A ponderación de esta proba escrita será a mesma que na convocatoria ordinaria.

Cualificación das materias pendentes

Os alumnos que teñan pendente a materia de música do curso anterior, serán examinados pola Xefa de Departamento. A nota final será resultado de avaliar:

- Unha serie de fichas, actividades ou traballos específicos que o alumno terá que realizar ao longo do curso e que serán facilitados polo profesor encargado da súa avaliación. A presentación dos traballos no prazo establecido e a superación positiva das actividades contarán o 20% da nota final.
- Un exame único relacionado coa materia pendente que sumará o 80% .

PLAN DE SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES

Si se dera o caso, o/a profesor/a que lle de clase ó alumnado coa materia pendente do curso anterior o, en su defecto a xefa de departamento, daralles unhas fichas o cadernos que deberán presentar no prazo fixado previamente. Si presentan os cadernos no tempo que se lles da, ordenados e con as respostas expostas correctamente, os alumnos recibirán a puntuación que lles corresponda tendo en conta a porcentaxe expresado no punto anterior.

Antes dos exames finais ordinarios, os alumnos coa materia pendente terán que facer una proba escrita con cuestións que previamente traballaron no caderno o fichas de recuperación.

O profesor que lles da clase o a xefa de departamento estarán a disposición destes alumnos para aclarar dúbidas. Fixarase un recreo á semana para estas cuestións.

AVALIACIÓN. CLASES NON PRESENCIAIS

Se a evolución da pandemia obrigase a suspender as clases presenciais, cambiarían tanto os instrumentos de avaliación como os criterios de cualificación.

Instrumentos de avaliación

- Seguimento e valoración a través da aula virtual e do correo electrónico das actividades realizadas polo alumnado (comentario de audicións, cuestionarios, traballos de investigación e outras actividades creativas).

Para a avaliación das actividades terase en conta a realización das mesmas no prazo indicado e a calidade da execución (atención ás pautas indicadas

pola profesora, traballo persoal, vocabulario adecuado, presentación, ortografía...)

- Observación e rexistro do grao de participación do alumnado nas actividades propostas pola profesora a través das plataformas dixitais indicadas (clases virtuais).
- Probas obxectivas (cuestionarios, probas orais ou escritas de diferente índole..)

Criterios de cualificación

- Realizaranse unha ou dúas probas obxectivas por trimestre que contarán o 50% da totalidade da nota. As probas poderán ser orais, escritas, tipo test, etc e con elas, avaliaranse fundamentalmente os estándares A.
- Propoñeranse traballos individuais (actividades, proxectos,..) que sumarán o 50% restante da nota e que avaliarán os estándares A, C e D.
- Os estándares B non terán un peso determinado na nota final pola dif icultade que implica a súa impartición e avaliación a distancia ou de forma virtual. Aínda así, estes seguiranse traballando por medio de tutoriais e gravacións.

A nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións. Non obstante, para acadar o aprobado será imprescindible non ter ningunha avaliación cualificada por debaixo do 3.

Cando haxa unha ou máis avaliacións con cualificacións inferiores o 3, poderase optar a un exame de recuperación (cuestionario online, exame oral...) no terceiro trimestre.

Mecanismos para recuperar as avaliacións non superadas

Para o/a alumno/a que non acade unha valoración positiva nunha avaliación non se contempla a realización de recuperacións de forma inmediata, sen embargo, o/ profesor/a poderá reforzar as explicacións e orientará ao alumnado sobre as actividades que lle poden axudar a superar a materia.

Os alumnos que non superen algunha das avaliacións poderán presentarse no terceiro trimestre a unha proba escrita ou oral final da materia non superada.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias

básicas e dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente. Teranse en conta as dificultades específicas das rapazas que por razón de xénero e pertenza a determinados colectivos teñan dificultades especiais para rematar a etapa.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe cómpre pór en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes, obradoiros como actividades diferenciadas, materiais distintos, criterios de avaliación máis flexibles, etc. Ademais, realizaranse as oportunas adaptacións Significativas: ACI e Non Significativas: Reforzos Educativos que a profesora, en colaboración co Departamento de Orientación, consideren necesarias, quedando excluídos desta posibilidade aqueles alumnos que non alcancen os obxectivos por vontade propia, sexa deixamento, abandono ou falta de traballo.

Intentarase adaptar os contidos ao tipo e grao de aprendizaxe que requiran os alumnos distinguindo os contidos que sexan básicos dos que se consideren complementarios e atendendo aos seus diferentes graos de dificultade, entendendo por contidos básicos aqueles que resulten imprescindibles para aprendizaxes posteriores e todos os relativos á adquisición de actitudes de respecto e participación nas actividades da aula.

Tendo en conta todas as posibilidades de atención á diversidade atopámonos cos seguintes enfoques:

Alumnado con necesidade específica de apoio educativo

(Dedicarase un apartado especial a estes alumnos). Solicitarase ao departamento de orientación un perfil individual coas capacidades intelectuais, sociais, motoras, etc., de cada alumno. Xunto a unha avaliación inicial que realiza o Departamento, crearanse as oportunas adaptacións curriculares individuais.

Alumnos avantaxados

Son aqueles alumnos que por posuír coñecementos e destrezas estean por encima do grupo, normalmente alumnos formados no Conservatorio de Música Escola Municipal ou academias privadas proporcionaranse materiais propios de cursos máis avanzados. Participarán no entanto en actividades de grupo como instrumentacións, ritmos, danzas e todas aquelas que teñan natureza colectiva.

Alumnos desavantaxados

Para aqueles alumnos que seguen habitualmente o desenvolvemento das clases, pero que presentan deficiencias nalgúns aspectos, normalmente prácticos, prepararanse partituras e/ou exercicios de reforzo que serán supervisados polo/a profesor/a.

ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

Alumnado con necesidades educativas especiais

O alumnado con necesidades educativas especiais terá uns materiais de traballo (apuntamentos, fichas...) e unhas probas adaptadas as súas capacidades.

Alumnos con altas capacidades intelectuais:

Realizaranse actividades para que estes alumnos non se aburran en clase pero sempre favorecendo a integración dentro da mesma.

Alumnos con incorporación tardía no Sistema Educativo Español:

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polos costumes propios da súa cultura.

- No caso de contar cun alumno estranxeiro, intentarase favorecer a súa integración na aula co resto dos seus compañeiros, por exemplo participando nas actividades colectivas propostas (vocais e instrumentais).
- No caso dos alumnos aventaxados musicalmente, se exporán actividades de ampliación nas distintas unidades didácticas, tamén se aproveitarán os seus coñecementos musicais e por exemplo nas prácticas vocais ou instrumentais ou tocará o piano acompañando ao resto dos seus compañeiros, sentíndose así máis útil, o cal servirá para favorecer a súa integración. Para rematar tamén conto con alumnos que seguen habitualmente o desenvolvemento das clases, pero que presentan deficiencias nalgúns aspectos, normalmente prácticos, para os cales teño preparadas actividades de reforzo nas distintas unidades.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores está presente no tratamento dos seguintes temas transversais:

Á educación moral e cívica. A través de:

- O alto grao de interacción e de entendemento entre os alumnos na práctica vocal e instrumental.

- O respecto polo traballo dos compañeiros nas actividades de interpretación.

Educación para a saúde. A través de:

- O fomento de hábitos sans de hixiene vocal a través da práctica do canto (relaxación, respiración e correcta emisión do son).
- Adopción de posturas ergonómicas correctas na interpretación instrumental.

Educación para a igualdade de sexos. A través de:

- A participación en condicións de igualdade sexual durante as actividades musicais, evitando roles estereotipados.
- A alusión ás principais compositoras e intérpretes en relación coa súa contribución á historia da música.

Educación para a paz. A través de:

- A participación en debates de interese artístico e cultural mediante o diálogo e o respecto da opinión dos demais.
- O respecto pola música doutras épocas e países.

Educación Medio-ambiental. A través da:

Valoración do silencio durante as actividades de audición e interpretación.

Educación do consumidor. A través do:

Fomento dunha conciencia crítica ante o consumo excesivo e inxustificado.

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

O proxecto lector de centro será deseñado co fin de articular todas as intervencións que se vaian realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas.

Dende a materia de música estableceranse dúas propostas de participación:

Unha, **a nivel de aula**, fomentando a lectura comprensiva a través de actividades tales como:

- A análise de textos de diversa natureza (estética, biográfica, epistolar...) seguindo un esquema de traballo proposto por o/a profesor/a.
- A busca, selección e tratamento da información, en libros, periódicos, revistas e soportes dixitais para elaborar pequenos traballos de investigación ou simplemente para consultar programas, concertos, festivais e outro tipo de eventos musicais.

- A lectura, previa á explicación do profesor/a, do tema a tratar, seguindo o libro de texto.

E outra, **máis global**, propoñendo unha serie de libros para o fondo de biblioteca de temática musical e de interese para toda a comunidade escolar. E doutro xeito participando cando corresponda na hora de lectura semanal proposta no centro.

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Seguindo as directrices marcadas pola Lei Orgánica de Educación, o centro terá un plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as devanditas tecnoloxías ofrecen.

Preténdese con iso que o alumnado ao rematar os seus estudos alcance unha competencia dixital que consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar, comunicar información e para tranformarla en coñecemento.

Dende a materia de música traballaranse as seguintes cuestións para conseguir esta competencia:

- Manexo racionalizado de internet para buscar información referente a estilos, compositores, etc...
- Realización de exercicios interactivos de discriminación auditiva, relación de conceptos, test, etc... en páxinas web propostas por o profesor/a.
- Traballo sobre webquest específicas dun tema.
- Manexo básico dun editor de partituras e doutros software musicais que permitan compoñer e, en xeral, manipular o son.

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Por unha banda, os alumnos de música así como a profesora que lles imparte clase tratarán de respectar tódalas normas xerais do centro referentes ao control de asistencia, puntualidade, orden, respecto mutuo...

No caso de conflitos trataremos de resolvelos seguindo as pautas xerais establecidas nas NOF e no plan de convivencia do centro.

Pola outra banda, a materia de música préstase a fomentar bos hábitos de convivencia entre o alumnado al ter estes que traballar con moita frecuencia en grupo na interpretación vocal, instrumental e coreográfica, respectando os roles de cada un e tendo que axudar aos que teñen máis dificultades para obter un resultado final positivo.

É frecuente tamén o análise e a exposición de comentarios sobre diferentes tipos de música tendo que expresar o seus gustos e respectar os dos demais.

De outro xeito e tendo en conta a idade na que se atopan, trataranse de facer grupos heteroxéneos en canto al sexo, capacidades e actitudes dos alumnos, esperando interactúen ben sen que lles condicionen as diferenzas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Con motivo das excepcionais circunstancias que estamos a vivir provocadas pola Covid-19 e para evitar calquera situación de risco para a saúde, durante o presente curso non se realizarán actividades complementarias e/ou extraescolares.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Avaliarase a actividade do profesor na práctica docente, a adecuación da programación, dos contidos, das actividades e recursos manexados así como outros aspectos que ó longo do proceso de ensinanza poidan considerarse de interese.

Procedementos

Esta avaliación tamén se levará a cabo en tres fases:

- **Avaliación inicial:** na que se valorou a programación en si mesma e a súa adaptación ó contexto e as circunstancias dos grupos de alumnos. Para isto empregamos os documentos do centro, o contraste de experiencias e puntos de vista con outros docentes e o asesoramento do departamento de orientación.
- **Avaliación formativa o procesual:** na que se avaliarán os contidos tratados, as actividades, os recursos, a organización dos tempos e dos grupos, o clima creado na aula, entre outros.

Neste punto empregaranse conversacións cos alumnos nos que se lles inquire acerca dos recursos, actividades realizadas e cuestionarios nos que se abordan cuestións como a claridade nas explicacións, o valor motivacional das actividades, a suficiencia ou insuficiencia do tempo, a adecuación dos recursos empregados, e ademais recolleranse propostas de mellora.

- **Avaliación final:** ten lugar ó final do proceso da aprendizaxe e o seu principal propósito é determinar o grao de consecución dos obxectivos propostos para o curso.

MEMORIA FINAL DO DEPARTAMENTO

Realizarase ao final do curso e incluírá os seguintes puntos:

- **Membros do departamento**
- **Cuestións tratadas no departamento**

Seguimento da programación. Consecución dos obxectivos

Colaboracións

Adquisición de material

- **Actividades extraescolares**
- **Análise dos resultados académicos obtidos polos alumnos**
- **Autoanálise e mellora no referente a actividade docente**
- **Propostas para o seguinte curso**

A xefa de departamento

María Vicenta Sustaeta Fernández

PROGRAMACION OBRADOIRO DE MÚSICA 1º ESO

CURSO 2021-2022

CPI VIRXE DO MONTE

Índice

1. Obxectivos de 1º da ESO
2. Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave
3. Temporalización
4. Grao mínimo de consecución para superar a materia
5. Metodoloxía
6. Procedementos e instrumentos de avaliación
7. Materiais e recursos
8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente
10. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente
11. Avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados
12. Medidas de atención á diversidade
13. Temas transversais
14. Actividades extraescolares e complementarias

1.- Obxectivos

Este curso, polas circunstancias excepcionais que estamos a vivir debido á Covid-19 e para cumprir as normas de seguridade establecidas no protocolo do centro, non se traballarán os obxectivos e contidos relacionados coa voz. Polo tanto, os obxectivos quedan da seguinte maneira:

1. Vivenciar a experiencia musical dende un punto de vista lúdico.
2. Desenvolver capacidades relativas ás distintas intelixencias múltiples a través de ferramentas musicais.
3. Investigar as posibilidades sonoras do propio corpo (percusión corporal).
4. Explorar o movemento corporal dende unha perspectiva musical: seguir un pulso ou unha audición co corpo, participar dunha coreografía grupal encias e coreografías, aprender movementos básicos para o baile e a expresión corporal.
5. Coñecer os diferentes instrumentos da aula, pequena percusión e outros, e o seu funcionamento.
6. Tocar pequenas pezas instrumentais cos instrumentos de pequena percusión e láminas, de forma correcta, coa postura correcta e buscando unha sonoridade agradable e conxuntada co resto dos compañeiros e compañeiras.
7. Manter a atención e ser capaz de discriminar elementos sonoros nas audicións propostas.
8. Analizar de forma crítica diferentes propostas sonoras, así como valorar e apreciar a creatividade en diferentes versións da mesma peza.
9. Ser capaz de facer música con todo o corpo, movéndose, escoitando, atendendo, interaccionando, todo de xeito simultáneo.
10. Improvisar pequenas secuencias rítmicas de poucos compases, con redondas, brancas, negras e corcheas, con percusión corporal e pequena percusión, de forma individual e en grupo.
11. Explorar e improvisar pequenas melodías cos instrumentos de láminas, seguindo as directrices dadas polo docente: dirección melódica, número de notas, base rítmica etc.
13. Valorar e respectar as producións musicais dos compañeiros e compañeiras.
- 14.14. Utilizar os recursos informáticos e Internet de forma responsable, para a obtención de información e realización de actividades musicais dentro e fóra da aula.

2.- Contidos

1. Exploración das posibilidades sonoras e rítmicas dos instrumentos dispoñibles na aula.
2. Creación de pequenas melodías cos instrumentos de láminas, a partir da improvisación sobre regras rítmicas e melódicas dadas polo docente, dentro do ámbito da oitava, e utilizando como elementos rítmicos, negras e corcheas.
3. Percusión corporal: exploración das posibilidades sonoras do corpo de forma rítmica. Imitación de patróns rítmicos. Creación de secuencias de dous compases con catro timbres diferentes. Acompañamento de audicións con secuencias de percusión corporal. Xogos rítmicos co corpo. Exploración do movemento e a percusión corporal.
4. Exploración dos instrumentos da aula (piano, batería, guitarra), para coñecer o seu funcionamento e execución básicos.
5. Audición de pezas, cancións, fragmentos sonoros, de diferentes xéneros e estilos, analizando, de xeito progresivo, os compoñentes tímbricos, rítmicos e melódicos.
6. Representación mediante movementos e expresión corporal, de xeito progresivo, dos elementos sonoros analizados nas audicións.
7. Identificación do pulso e compás nas audicións realizadas, realización de exercicios rítmicos progresivos con percusión corporal e movemento, e pequenas coreografías coordinadas con ela.
8. Lectura melódica das notas da oitava central no pentagrama, e rítmica con negras, corcheas y silencio de negra.
9. O silencio como marco para a interpretación, a audición e a escoita activa.
10. Respecto e valoración das producións musicais propias e alleas.
11. Utilización da música, en calquera das súas facetas, como instrumento de expresión emocional, artística, intelectual, reivindicativa e social.

Unidades didáctica	Contidos
1.-Percusión corporal	<p>Exploración de sons corporales en tres planos de traballo: a voz, as mans, os pés. Exploración de sons nos tres planos biomecánicos: sagital, frontal e horizontal. Exploración de sons e movementos compartidos en parellas ou grupos máis amplos.</p> <p>Secuencias de sons para simultanear con cancións ou audicións Achegamento aos diferentes tipos de compases con movementos de pés Achegamento ás figuras rítmicas con diferentes combinacións de golpes. Creación e improvisación de pequenas células rítmicas</p> <p>Contidos mínimos: ser capaz de coordinar de xeito razoable as mans, os pés e a voz nos exercicios propostos</p>
2.-Movemento corporal	<p>Exploración do propio espacio con movementos corporais nos distintos planos biomecánicos dende un punto de vista musica. O alumnado se move mentras canta, percute ou escoita. Exploración do espacio da aula: traballo en diferentes configuracións espaciais: círculo sobre todo, dobre círculo concéntrico, movementos libres. Preparación dalgunha danza tradicional dalgunha cultura mundial.</p> <p>Preparación de pequenas coreografías que integren diferentes elementos musicais, movemento, ritmos corporales, voz...</p> <p>Contidos mínimos: ser capaz de percibir musicalmente o espazo propio e alleo de xeito razoable.</p>
3.-A audición	<p>Cada vez que se ten unha secuencia de percusión corporal o de movemento aprendida se explora acompañando a unha audición, explorando distintos tipos de compases e diferentes estéticas musicais.</p> <p>Contidos mínimos: ser capaz de seguir as audicións con sentido do pulso</p>
4.- Interpretación instrumental	<p>Aproveitando o repertorio de cancións aprendidas coa voz e outras novas exploraremos o instrumental musical da aula. Contidos mínimos: ser capaz de interpretar as propostas da aula cuns parámetros musicais razoables.</p>

5.-Linguaxe musical	<p>Achegamento non escrito aos conceptos básicos da linguaxe musical, preparando os contidos de 2oESO. Coñecemento das notas musicais nun ámbito dunha oitava e media aproximada- mente.</p> <p>Coñecemento de patróns rítmicos en blancas, negras e corcheas sobre todo. Ocasionalmente se traballan puntillos, sín copas e semicorcheas a través da riqueza rítmica de música de diferentes culturas. Coñecemento dos principais compases que permiten organizar a música en dúas, tres ou catro partes.</p> <p>Subdivisión binaria. Subdivisión ternaria a través dunha música cercana como é a muiñeira e algún canto de cego. Visualización de ritmos e melodías en gráficos ou vídeos con partituras gráficas animadas Contidos mínimos: Ser capaz de comprender a un nivel básico os conceptos de altura, timbre, duración e forma.</p>
6.-Creación	<p>As roldas de improvisación <i>tutti-solo</i> de pequenas células son un xeito de dar espazo á creatividade do alumno. A improvisación a este nivel está moi dirixida: poucos compases, poucos ele- mentos e moi claros</p> <p>Faremos roldas de improvisación rítmica, melódica, con linguaxe hablada e con movementos.</p> <p>Contidos mínimos: facer unha proposta propia con sentido nas roldas de im- provisación.</p>
7.-Contextos musicais	<p>Cada peza utilizada se contextualiza na súa cultura e período histórico. Usaremos material africano, galego, popular, medieval, renacentista...</p> <p>A razón de usar unha ou outra peza é sempre o material musical a traballar. Contidos mínimos: coñecer o contexto básico das cancións utilizadas.</p>

3.- Temporalización

Os contidos da programación de Obradoiro de Música para 1º de ESO son de carácter progresivo, baseados na previa exploración, experimentación, asimilación e ampliación de recursos para a música. Por isto, as unidades pretenden seguir os bloques de contidos que establece o currículo oficial para Música na Primaria, que son I. escoita, II. Interpretación Musical e III.

Música, Movemento e Danza. Así mesmo, incorpora tamén elementos que axudarán ó alumnado a prepararse cara a materia obrigatoria de 2º de ESO, cuxos bloques segundo o actual currículo oficial son: I. Interpretación e Creación, II. escoita, III. Contextos musicais e culturais, e IV. Música e Tecnoloxías. Desta maneira, garántese a continuidade entre as dúas etapas e a coherencia de contidos neste Obradoiro de Música.

As unidades didácticas exploran cada un dos aspectos a desenvolver. A concreción na aula dos contidos faise a través de pequenas actividades, dúas ou tres por sesión, que desenvolven de xeito simultáneo distintos aspectos de cada unidade.

As actividades se desenvolven e concretan na libreta de aula do profesor. Por tanto, non existe una temporalización independente para cada unidade didáctica.

4.- Metodoloxía didáctica

Obradoiro de Música é unha asignatura de Libre Configuración para o estudantado de 1º ESO. Os e as estudantes que a escollan van adquirir uns coñecementos e unas experiencias que outros compañeiros e compañeiras do seu mesmo curso non van adquirir ata o curso seguinte, no que a música impartirase con carácter obrigatorio. Isto non é senón outra vantaxe para mellorar o desenvolvemento da asignatura en 2º ESO, pois constatamos con frecuencia nas aulas unha base moi –mesmo demasiado- diversa por parte do alumnado, sumado a que por ser unha asignatura de carácter maioritariamente práctico, faise necesario contar cun alumnado predisposto a realizar este tipo de actividades que sirva de guía ou estímulo para todo o grupo. Así, en 1º de ESO, o interese pola materia permitirá un clima propicio para a aprendizaxe, contando coa predisposición para as diferentes prácticas instrumentais. As variadas características evolutivas, psicolóxicas e fisiolóxicas deste alumnado, son de obrigada consideración á hora de programar e realizar as diversas actividades propostas na aula: desde os diferentes estadios no cambio da voz en que poidan encontrarse producidos polos cambios hormonais que comezan a experimentar, así como contrastadas complexións e tallas corporais, diferentes intereses, gustos e vivencias musicais, xa que descoñecemos a súa traxectoria e práctica musical previa que traen da Educación Primaria. Partiremos da exploración e experimentación

sonora (iniciación á improvisación guiada polo docente), co corpo (percusión corporal), a voz, e todos os instrumentos de aula (pequena percusión, baquetas, láminas, batería, piano, guitarra, entre outros), así como para unha posterior reflexión acerca das súas características e posibilidades sonoras, utilidade, creatividade, así como o esforzo que require un dominio dos mesmos, e os beneficios que a práctica musical nos aporta, a nivel físico, mental e espiritual.

As actividades na aula serán grupais, nas que todos e todas aporten e enriquezan a produción final, e aquelas actividades que requiran dunha práctica individual estarán contextualizadas dentro doutra grupal (rotatorias). As novas tecnoloxías serán recurso excelente para a análise de audicións, vídeos, titoriais, etc, que reforzan e complementan as actividades de ensino e aprendizaxe, así como para escoitar as propias interpretacións e autoavaliarse con elo.

A metodoloxía será sobre todo vivencial, experimentando a linguaxe musical a través do corpo e do grupo, de xeito que cando en 2º se atopen coa lectoescritura musical a aprendizaxe se faga moito máis significativa. Ocasionalmente se propondrá algunha actividade de lectoescritura musical, non necesariamente en papel senón usando recursos gráficos como o secuenciador de percusión corporal, un xogo con vasos desenvolvido polo profesor que permite escribir e interpretar ritmos con diferentes timbres, ou gráficos de cores en alturas e duracións propios ou alleos (music animation machine).

5.- Materiais, textos e recursos didácticos

As distintas estratexias de ensino, e dentro delas as diversas técnicas didácticas, levan necesariamente a toma en consideración do espazo, os recursos materiais e a organización do traballo na aula. O bo desenvolvemento do obradoiro de música verase favorecido por unha aula espazosa, cun bo acondicionamento acústico, que evite os ruídos externos e tamén as interferencias producidas polo traballo que se realiza na aula. Debido a que as diferentes actividades requiren distintas formas de organizar o espazo, é recomendable que as cadeiras sexan pregables para posibilitar distintas agrupacións e tamén un espazo diáfano. A aula de música do instituto non ten suficiente espazo para desenvolver as diferentes actividades así que o espazo se aproveita e transforma: normalmente se traballa sen sillas en círculo; outras veces en mesas con instrumentos e outras nos moveremos ao xardín ou a outros espazos máis amplos segundo as necesidades.

A aula de música do instituto conta con instrumentos variados melódicos e rítmicos: instrumentos orff de láminas, pequena percusión, parches varios, dos guitarras acústicas, outra eléctrica, unha batería, un piano eléctrico e dous teclados pequenos, un xogo de

boomwhackers, un xogo de flautas contralto e unha tenor da aula.

Non usaremos libro de texto nin material escrito. Se nalgún momento o alumnado necesita escribir se lle facilita papel pautado.

O uso de internet é constante. A través dun cañón podemos acompañarnos en calquera momento de calquera recurso musical da rede.

O principal recurso por tanto é o propio corpo xa que a través del vivenciamos unha linguaxe moi completa e complexa, a da música.

6.- Competencias clave

Traballar a música dende o corpo significa desenvolver as múltiples intelixencias humanas, o que repercute de xeito directo na adquisición das diferentes capacidades. Esta materia contribúe de xeito directo á adquisición da Conciencia e expresión e culturais en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas e expresivas e da contextualización de músicas de diferentes culturas e estilos. Pode potenciar así actitudes abertas e respectuosas, e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto ás distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos sociais e históricos aos que se circunscribe cada obra.

A orientación práctica desta materia, na que a expresión xoga un papel fundamental, permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación, a improvisación e a composición, tanto individual como colectiva, que á súa vez estimulan a imaxinación e a creatividade. Por outra parte, unha mellor comprensión do feito musical permite a súa consideración como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Colabora ao desenvolvemento do Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, mediante o traballo colaborativo ó que antes nos temos referido e á habilidade de planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e da toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra parte, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes, factores clave para a adquisición desta competencia.

A música contribúe tamén á Competencias sociais e cívica. A participación en actividades musicais de distinta índole, as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo, colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. Por outra banda, a reflexión sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, dirixe a atención coa fin de xerar hábitos saudables. Ademais os contidos relacionados co uso correcto da voz e do aparato respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, proporcionan outra óptica fundamental para o desenvolvemento desta competencia. Compartir xogos e música no espacio da aula desenvolve a intelixencia interpersonal a axuda a integración de cada persoa no grupo.

A música tamén contribúe de xeito directo ó desenvolvemento da Competencia dixital. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación de son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia.

Canto ó desenvolvemento da Competencia para aprender a aprender, a música potencia capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, ó tempo que desenvolve o sentido da orde e do análise. Por unha parte, a audición musical necesita unha escoita reiterada para chegar a coñecer unha obra, recoñecela, identificar os seus elementos e podela interiorizar nos seus aspectos máis significativos.

Respecto á Competencia en comunicación lingüística a música contribúe, igual que outras áreas, a enriquecer a linguaxe oral de xeito directo a través das actividades de recitados rítmicos simultáneos co movemento. De xeito máis indirecto a través do proceso de atención, imitación e comprensión de instrucións na aprendizaxe das actividades.

7.- Criterios de avaliación

- Utilizar os diferentes sons producidos mediante percusión corporal, para a creación, improvisación e interpretación de pequenas pezas rítmicas.
- Identificar e marcar o pulso dunha audición, e integrar os movementos dunha coreografía de forma sincronizada con el (o pulso).
- Identificar todos os instrumentos da aula e como funcionan dun xeito básico.
- Interpretar pezas instrumentais cunha postura corporal adecuada, e con precisión rítmica e melódica.

- Identificar o pulso, figuras rítmicas básicas (redondas, brancas, negras e corcheas, e os seus silencios), sonoridade maior e menor, timbres instrumentais , agrupacións, diferentes intensidades e velocidades.
- Analizar diversas producións sonoras, e comparar diferentes versións das mesmas, valorando a práctica e a técnica dos intérpretes, o esforzo e dedicación dos estudantes e profesionais da Música.
- Improvisar pequenas estruturas melódicas e rítmicas a partir das indicacións do docente, con percusión corporal, pequena percusión, instrumentos de láminas, e demais instrumentos da aula.
- Realizar correctamente os exercicios propostos de xeito ordenado, coidando e respectando o material de clase: instrumentos, partituras, atrás, ordenador, pizarra dixital etc.

8.- Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación se fai sobre todo dentro do grupo. Tras cada sesión o profesor toma nota dalgúns aspectos dalgúns alumnos, tendo en conta os contidos mínimos esixibles en cada unidade didáctica, de xeito que ao final do trimestre o profesor dispón de información suficiente para avaliar individualmente a través de una rúbrica sinxela, que reflexa a consecución deses contidos mínimos segundo os seguintes criterios:

1. É capaz de coordinar de xeito razoable as mans, os pés e a voz nos exercicios propostos.
2. É capaz de percibir musicalmente o espazo propio e alleo de xeito razoable.

3. É capaz de seguir as audicións con sentido do pulso
4. É capaz de interpretar as propostas da aula cuns parámetros musicais razoables.
5. É capaz de comprender a un nivel básico os conceptos de altura, timbre, duración e forma e de facer unha proposta propia con sentido nas roldas de improvisación
6. É capaz de coñecer o contexto básico das cancións utilizadas
7. Atende ás explicacións.
8. Participa de xeito activa ou pasivo nas actividades
9. Respecta o desenvolvemento da clase, respectando coas súas intervencións ao profesor e aos compañeiros.

9.- Criterios de cualificación (clases presenciais)

- Proba práctica: 50%
- Traballo diario na aula: 30%
- Proxecto: 20%

A nota da avaliación ordinaria de xuño será a media das 3 avaliacións.

Criterios de cualificación (clases non presenciais)

Se a evolución da pandemia obrigase a suspender as clases presenciais, substituiríase a práctica instrumental con instrumentos Orff polo uso da fruta. En tal caso, os criterios de cualificación quedarían da seguinte maneira:

- Proba práctica: 50%
- Actividades: 50%

10.- Procedementos de recuperación de avaliacións pendentes

Para o/a alumno/a que non acade unha valoración positiva en nunha das avaliacións, poderá recuperar na seguinte coa práctica diaria das clases e coas probas realizadas nesa outra avaliación. Se finalmente non superasen eses estándares, poderían presentarse a unha proba práctica final e/ou presentar algún proxecto

11.- Probas extraordinarias

De non superar a avaliación ordinaria e debido a que é imposible que o alumno practique pola súa conta as actividades desenvolvidas no curso, eminentemente prácticas e grupais, se lle propoñerá algún tipo de tarefas prácticas ou escritas que permitan avaliar os contidos mínimos non acadados. O alumno se examinará na proba extraordinaria de ditas tarefas.

12.- Medidas de atención á diversidade

As principais medidas de atención serán tres, basicamente, atendendo ó perfil de cada estudante:

O apoio educativo: consistente en aportar material de traballo extra e específico ós estudantes que o precisen para poder acadar os obxectivos mínimos da materia.

O reforzo: consistente en ofrecer titorías e sesións de apoio extraordinarias durante os recreos ós estudantes que as necesiten.

A ampliación de contidos: consistente en aportar un material ampliado sobre os contidos da programación para aqueles estudantes que polas súas características cognitivas así o precisen.

13.- Adaptacións curriculares para os estudantes con necesidades específicas de apoio educativo

Os estudantes NEE disporán dunha avaliación acorde á adaptación curricular que corresponda no seu caso, de acordo coa lei vixente, e baixo o informe favorable do Departamento de Orientación. Dita adaptación, no caso de ser significativa, tamén afectará ós contidos de aprendizaxe de ditos estudantes.

14.- Actividades complementarias e extraescolares

Con motivo das excepcionais circunstancias que estamos a vivir provocadas pola Covid-19 e para evitar calquera situación de risco para a saúde, durante o presente curso non se realizarán actividades complementarias e/ou extraescolares.

15.- Profesores do departamento:

- Xefa do departamento de música:

María Vicenta Sustaeta Fernández